



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Horreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 24/02/2021 11:55:14

SAIDA

3386/21



Reclamante: 
Expediente. Nº **RSCTG 3/2021**

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por  mediante escrito do 4 de xaneiro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de febreiro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 4 de xaneiro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 30 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Persoas Maiores e con Discapacidade pola que se lle concede acceso á información sobre datos dos que dispoña a Consellería de Sanidade sobre o número de falecidos positivos por COVID-19, que residían en cada unha das residencias ou centros sociosanitarios de maiores e dependencia de Galicia desde o 1 de marzo de 2020.

O reclamante indicaba que a resolución do director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade resolve conceder o acceso á información, porén só se lle facilita o número total de falecementos, non o detalle de cada unha das residencias.

Segundo. Con data do 14 de xaneiro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Consellería de Política Social para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 4 de febreiro de 2021 a Consellería de Política Social contesta a petición remitindo informe e copia do expediente tramitado.

A Consellería comunica que a Comisión da Transparencia resolveu estimar a reclamación presentada no expediente RSCTG 89/2020 retrotraéndose o expediente ao momento do trámite de audiencia recollido no artigo 19.3 da Lei 19/2013, expediente que garda estreita similitude co solicitado polo interesado. Tras recibir a resolución da dita Comisión, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, con data de 08/01/2021 notificou aos centros residenciais de titularidade privada e doutras administracións públicas a apertura dun trámite de audiencia cun prazo de 15 días hábiles para que as entidades interesadas poidan formular alegacións sobre a solicitude formulada, e en base ás alegacións que se reciban no trámite de audiencia, resolveranse as dúas solicitudes de acceso de información pública.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que a resolución impugnada é de data 30 de decembro de 2020 e a reclamación tivo entrada no Valedor do Pobo o 4 de xaneiro de 2021, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou da Consellería de Política Social datos sobre as persoas residentes en centros de maiores da Comunidade Autónoma de Galicia que faleceron con positivo en Covid-19 dende o 1 de marzo de 2020 ata a data da solicitude. A Consellería remítelle datos de residentes en centros de maiores falecidos na residencia e falecidos en hospitais, pero sen desagregar por residencias, tal e como solicitaba o interesado.

No expediente RSCTG 89/2020, resolto por esta Comisión con data do 22 de decembro de 2020, ante solicitude sobre datos de falecemento, desagregados por centro, en residencias de titularidade privada e doutras administracións públicas, considérase que a información que se solicita, é información adquirida pola Consellería de Política Social no exercicio das súas funcións, polo que debe considerarse que é información pública, tendo interesado dereito a que se lle proporcione. Dado que a concesión da información solicitada pode afectar a dereitos ou intereses dos titulares das residencias privadas, a Comisión considerou que debía abrirse o preceptivo trámite de audiencia de acordo co disposto no artigo 19.3 da Lei 19/2013, trámite do que debe informarse ao solicitante, comunicándolle así mesmo a suspensión do prazo para ditar resolución ata que se reciban as alegacións ou transcorra o prazo para a súa presentación.

Dado o contido substancialmente igual da solicitude que agora nos ocupa coa do expediente RSCTG 89/2020, considérase necesario que a Consellería remate o mesmo para dar a información que proceda ao interesado.

Debe lembrarse que nos casos nos que se abra o trámite de audiencia, debe comunicárselle o mesmo ao solicitante, así como a suspensión do prazo para resolver, comunicación que neste caso non figura no expediente, e que debeu facerse.

De acordo co anterior, procede a estimación da reclamación presentada, debendo a Consellería de Política Social proceder á retroacción do expediente ao momento do trámite de audiencia, para que unha vez analizadas as alegacións que se presenten e a posible afección dos límites previstos na Lei 19/2013, se resolva o que proceda.

A resolución que se dite debe formalizarse co ofrecemento de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se conta o ofrecemento da reclamación potestativa ante esta Comisión e do correspondente recurso contencioso-administrativo.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra a Resolución do 30 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Persoas Maiores e con Discapacidade pola que se lle concede acceso á información sobre datos de falecidos con positivo por Covid-19 residentes en centros de maiores.

Segundo: Instar a Consellería de Política Social a que unha vez finalizado o trámite de audiencia, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Consellería de Política Social a que, no prazo máximo de 15 días hábiles dende que se dite resolución, remita a esta Comisión da Transparencia copia da mesma e do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.02.24 11:35:16 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.